Práctica 1 - Gemini

DEPUTACIÓN DE LUGO

A intelixencia artificial aplicada á Administración Pública

Práctica

Análise de contratos e cadro de mandos

Datos ficticios

PRÁCTICA 1

Nesta práctica vas usar Gemini cunha conta gratuíta de práctica para analizar dous ficheiros CSV con información ficticia de contratos e provedores. O obxectivo é practicar a carga de ficheiros, o autoprompting, a análise de datos, a redacción de informes e o uso de Canvas para crear unha pequena páxina HTML de demostración.

REQUISITOS:

- Usa a túa conta de Gmail de práctica para acceder a Gemini.
- Descarga e utiliza só os ficheiros desta práctica: contratos.csv e proveedores.csv.
- Os datos dos ficheiros son sintéticos. Os NIF, teléfonos, enderezos, razóns sociais, importes expedientes teñen finalidade didáctica.
- Non engadas documentos reais, expedientes, correos, datos persoais nin ficheiros da entidade.
- Se Gemini pide activar funcións, modelos ou opcións de pago, continúa coa alternativa gratuíta dispoñible.

REALIZACIÓN DA PRÁCTICA

- Usa as técnicas de *autoprompting* aprendidas para determinar o mellor prompt posible. A primeira petición non debe ser a análise final, senón unha axuda para construír unha instrución mellor.
- Xera unha táboa onde se mostren os 10 proveedores con máis contratos.
- Xera unha táboa onde se mostren os 10 proveedores cun maior importe acumulado de contratos.
- Xera un informe executivo que mostre todos aqueles proveedores que fixeran contratos por valor superior a 50.000€ para un mesmo departamento.
- Redacta un informe dirixido ao adxudicatario con nif A55667788, no que se detallen as adxudicacións realizadas polo mesmo e que se comunique que xa pode realizar a solicitud da devolución da garantía de ditos expedientes, que é un 10% do importe de adxudicación, indicando expresamente o importe total a devolver.
- Crea unha páxina web (html) que actúe de cadro de mandos, que mostre por adxudicatario os contratos realizados. Inclúe un gráfico onde se mostre o porcentaxe de importe por adxudicatario. (Recorda activar a ferramenta *CANVAS* antes de facer esta tarefa, para que así poidas previsualizar os resultados)

ENTREGA

- Achega os resultados obtidos así como o prompt que empregaches, para iso podes probar a compartir conversa de gemini e pasarnos a ligazón. Na parte superior dereita, podes desplegar o menu de configuración (tres puntiños) e premer en compartir conversa:



- Eso creará unha ligazón que será o que terás que entregar.